



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2012/13 |
|-------------------------|---|---------------------------|--|-----------------|-----------|
| Asignatura (*) | Intervención nos problemas de comunicación e linguaxe en T.E.A e algunhas propostas informáticas para a intervención | | | Código | 652498031 |
| Titulación | Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012) | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Optativa | 3 | |
| Idioma | Castelán | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | MedicinaPsicoloxía Evolutiva e da Educación | | | | |
| Coordinación | Resches Zlotnik, MarielaPereira Loureiro, Javier | Correo electrónico | mariela.resches@usc.esjavier.pereira@udc.es | | |
| Profesorado | Groba Gonzalez, Betania Pereira Loureiro, Javier Pousada Garcia, Thais Resches Zlotnik, Mariela | Correo electrónico | b.groba@udc.es javier.pereira@udc.es thais.pousada.garcia@udc.es mariela.resches@usc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia pretende, entre outros, os seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Conocer e comprender os principios xerais da intervención nos TEA, con especial referencia ao ámbito da comunicación e a linguaxe. · Conocer e analizar criticamente os principais modelos teóricos que fundamentan as estratexias e/ou programas de intervención comunmente aplicados nos TEA · Conocer os obxectivos, estrutura e procedementos dos principais programas de intervención aplicados en TEA. · Seleccionar, adaptar e implementar algúns dos procedementos e/ou programas máis representativos para o desenvolvemento da linguaxe e a comunicación en TEA. · Diseñar, implementar e avaliar un programa de intervención adaptado ás necesidades de cada caso concreto. <p>Coas "propostas informáticas para a intervención" esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos e técnicas que ofrecen as tecnoloxías da información e as comunicacións para intervir con persoas que presentan patoloxías da linguaxe.</p> <p>Descritores:</p> <p>Coñecemento e manexo de ordenadores e programas informáticos que capaciten para a comunicación</p> <p>Ademais, preténdese achegar aos alumnos unha experiencia práctica co manexo de sistemas de comunicación dinámicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acceso aos dispositivos ou programas: interruptores de control, emuladores de teclado, emuladores de rato, carcasa de metacrilato, flexiboard, etc. - Coleccións de pictogramas de acceso libre e comercial: ARASAAC, Aumentativa.Net, SPC, Widgit. - Programas de comunicación: In-TIC, The Grid 2, Boardmaker SDP, Plaphons, Fala, Comunícate, etc. - Programas de educación aplicados na rehabilitación da linguaxe: JClic e LIM | | | | |

Competencias da titulación

| Código | Competencias da titulación |
|--------|--|
| A4 | Os estudantes coñecerán as características diferenciales da intervención na linguaxe e na comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial. |
| A5 | Os alumnos/as saberán realizar unha intervención nos trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc. |
| B1 | Os alumnos/as saberán acceder, seleccionar e xestionar as fontes de información relevantes para a práctica profesional. |
| B2 | Serán capaces de comportarse con ética e responsabilidade social como cidadáns e como profesionais. |
| B3 | Os estudantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo. |
| B4 | Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade. |



| | |
|----|--|
| C1 | Os alumnos/as saberán utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ó longo da súa vida. |
| C2 | Os alumnos/as entenderán a importancia da cultura emprendedora e coñecerán os medios ó alcance das persoas emprendedoras. |
| C3 | Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|----------------------------|------------|-----|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| Coñecer as tecnoloxías de apoio relacionadas coa comunicación aumentativa e alternativa | AP4 | | CP3 |
| Utilizar e aplicar dispositivos e programas informáticos específicos para a intervención en persoas con patoloxías da linguaxe | AP5 | BP3 | CP1 |
| Coñecer os requisitos de comunicación das persoas e adaptar as tecnoloxías de apoio axeitadas para resolver as súas necesidades | AP4 | | CP3 |
| Identificar as fontes de información de aplicacións gratuitas e comerciais para resolver posibles problemas de comunicación | | BP1 BP4 | |
| · Conocer os principios xerais da intervención nas alteracións da linguaxe e a comunicación nos TEA | | | |
| · Conocer e aplicar os principais modelos e técnicas de intervención nos TEA, con especial referencia ao ámbito da linguaxe e a comunicación. | | | |
| · Diseñar, implementar e avaliar intervencións na área da linguaxe e a comunicación en TEA nos ámbitos familiar, escolar e clínico, e en colaboración con outros profesionais. | | | |
| · Capacidade de organizar e planificar | | | |
| · Resolver problemas en forma activa | | | |
| XERAIS DA MATERIA | AP4 | BP2 | CP2 |
| Poden informar sobre os principios xerais da intervención nas dificultades da linguaxe e a comunicación. | AP5 | BP4 | CP3 |
| Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento. | | | |
| Son capaces de aplicar os modelos e as técnicas de intervención. | | | |
| Poden describir as características diferenciais da intervención na linguaxe e a comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial. | | | |
| Son capaces de realizar unha intervención en trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo y as inhibicións da linguaxe. | | | |
| Son capaces de facer unha planificación estratéxica da intervención na área da linguaxe e a comunicación. | | | |
| Posúen os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións. | | | |

| Contidos | |
|--|----------|
| Temas | Subtemas |
| Prof. Mariela Resches | |
| BLOQUE 0 | |
| 1. Principios xerais de intervención nos TEA. | |
| 2. Principais modelos de intervención: enfoques conductuales, evolutivos e sociopragmáticos. | |
| 3. Programas globais de intervención (ABA; TEACCH; SCERTS). Fundamentos, procedementos e avaliación de resultados. | |
| 4. Procedementos específicos de intervención: intervención en habilidades pragmáticas e mentalistas. | |



| | |
|--|---|
| 5. Determinación do perfil lingüístico e comunicativo individualizado e selección de estratexias de intervención apropiadas. | |
| Prof. Javier Pereira Prof. Betania Groba Prof. Thais Pousada | |
| Bloque I.- El uso de las TIC para el acceso a los dispositivos o programas | |
| 6.- El ordenador: hardware y software. | 6.1. Definición de barreras informáticas. Tecnologías de apoyo: interruptores de control, emuladores de teclado, emuladores de ratón, carcasa de metacrilato, flexiboard, etc. 6.2. Los motores de Voz: TTS engine |
| Bloque II. Contenidos multimedia para la intervención | |
| 7.- Imagen y sonido digital | 7.1 Pictogramas y cliparts. Formatos gráficos. Sistemas y Tamaños de almacenamiento 7.2 Obtención de imágenes: Escáner, Internet, Fotografía digital. Uso básico de GIMP. Los símbolos SPC, WIDGIT, ARASAAC, AUMENTATIVA y Bliss |
| 8.- Sonido | 8.1 Formatos de fichero: MP3, WAV, MIDI 8.2 Conversión entre formatos 8.3 Uso básico de Audacity. Instalación de librería LAME3. 8.4 Software de conversión de texto en audio. TTS. Text-To-Speech. |
| Bloque III. Aplicaciones para la intervención en Logopedia | |
| 9.- Software de Comunicación Aumentativa y Alternativa (SAAC). Comunicadores dinámicos | 9.1. Aplicación The Grid 2 (Sensory) 9.2 Proyecto In-TIC como comunicador 9.3 Boarmaker 6. Cambio dinámico de plantillas 9.4 Proyecto FRESA. Programa Plaphoons |
| 10.- El proyecto In-TIC (De descarga gratuita en http://intic.udc.es) | 5.1 Comunicador de texto. Texto predictivo 5.2 Comunicador silábico 5.3 Comunicador pictográfico. Diseño de plantillas 5.4 Comunicador basado en símbolos |
| 11.- Aplicaciones para la intervención | 6.1 JClíc. Ejemplos y acceso a recursos. Acceso a la base de datos de recursos 6.2 LIM. Entorno de aplicaciones en Flash fácilmente trasportable |

| Planificación | | | |
|---------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | 6 | 12 | 18 |
| Lecturas | 1 | 7 | 8 |
| Portafolios do alumno | 0 | 14 | 14 |
| Traballos tutelados | 1 | 7 | 8 |
| Prácticas a través de TIC | 8 | 5 | 13 |
| Discusión dirixida | 3 | 8 | 11 |
| Atención personalizada | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



| | |
|---------------------------|---|
| Sesión maxistral | <p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2.- Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3.- Contestación individual a un cuestionario.</p> <p>Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2.- Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3.- Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo.</p> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema como para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abarcar ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p> |
| Lecturas | <p>Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.</p> |
| Portafolios do alumno | <p>En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada, e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como titores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un titor responsable. A relación de estudantes e titores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os titores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao titor responsable quen cualificará o traballo.</p> <p>Dado que no segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu titor e o acordo dos seus profesores, poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres titores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre</p> |
| Prácticas a través de TIC | <p>PRÁCTICA 1 (1 hora): Tratamento básico de imaxes e pictogramas subministrados polo profesor: cambio de resolución, cambio de fondo, montaxe de imaxes e símbolos.</p> <p>PRÁCTICA 2 (1 hora): Tratamento básico de sons: O alumno debe gravar un texto tanto dende un micrófono coma co TTS de Windows. Despois deberá realizar algunhas transformacións básicas: recortar, ampliar volume, nunha frase, crear o silencio dunha palabra, etc.</p> <p>PRÁCTICA 3 (2 horas): Desenvolvemento dun comunicador dinámico pictográfico utilizando algunha das aplicacións estudadas no curso: The Grid 2, Boradmaker, Plaphoons, etc. O comunicador debe conter material multimedia propio elaborado polo alumno.</p> <p>PRÁCTICA 4 (2 horas): Desenvolvemento dun sistema de comunicación dinámico utilizando In-TIC. O usuarios debe dispoñer dun vocabulario amplo e estruturado seguindo algún criterio</p> <p>PRÁCTICA 5 (2 horas): Desenvolvemento dun sistema de adestramento de actividades de lectoescritura combinando pantallas de In-TIC con actividades realizadas en JClick e/ou LIM. Poden utilizarse contidos dispoñibles nos portais das aplicacións, adaptándoos en caso de ser necesario.</p> |
| Discusión dirixida | <p>A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, comezando unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a</p> |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|------------|
| Traballos tutelados Prácticas a través de TIC | |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|------------------------------|--|---------------|
| Sesión maxistral | Profesor Javier Pereiro (50% da cualificación na materia): a asistencia ás clases poderá supoñer ata 1 punto da cualificación final | 10 |
| Portafolios do alumno | Profesora Mariela Resches: 40% pola entrega do portafolios que deberá recoller un traballo monográfico final no que o alumno afondará nalgún aspecto específico dos temas presentados no temario | 30 |
| Traballos tutelados | Realización de traballos breves que poderán consistir en: elaboración e presentación de casos prácticos, recensións e comentario de lecturas, busca e confección de fichas técnicas sobre programas de intervención ou presentación de artigos de investigación pertinentes e a elección do alumno | 20 |
| Prácticas a través de TIC | Profesor Javier Pereiro (50% da cualificación na materia): A realización das prácticas e a súa superación supoñerá ata 4 puntos na nota final | 40 |

Observacións avaliación

| |
|---|
| <p>A avaliación realizarase de forma individualizada en cada unha das materias do máster. A avaliación será continua e incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%</p> |
|---|

Fontes de información

| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía básica | |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



| |
|----------------------------------|
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías